MANIFESTO DE ADHESIÓN

I. ANTECEDENTES.

A PLATAFORMA GALEGA POLO TREN DE PROXIMIDADE "SALVA O TREN" ten a súa orixe no esforzo levado a cabo pola COORDINADORA EN DEFENSA DO TREN REXIONAL "PORTAS NON PODE PERDE-LO TREN" para ampliar e consolidar as súas bases en defensa dun fin común, así como doutras asociacións na loita por un transporte ferroviario xusto e efectivo para cadansúa comarca. Tamén no traballo en prol dunha mobilidade sustentábel que veñen de facer as asociacións ecoloxistas galegas e as reclamacións dos sindicatos estudantís por uns medios de transporte colectivos dignos e eficaces, e dos sindicatos ferroviarios que defenden o ferrocarril como un servicio público básico para o transporte de persoas e mercadorías, social e vertebrador do territorio.

II. EN DEFENSA DO TREN DO POBO. POR UN VERDADEIRO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE FERROVIARIO.

Reivindicamos un sistema de transporte que resposte ás necesidades de mobilidade de toda a poboación independentemente da súa situación xeográfica, do seu poder adquisitivo, das súas limitacións físicas ou doutro tipo; e, en consecuencia, reivindicamos que o camiño de ferro preste un servizo público e de calidade, que favoreza a cohesión territorial e social do noso país, extensivo e dinamizador da actividade diaria da poboación, con billete economicamente accesíbel para todos e que elimine calquera tipo de barreira física que poida limitar a súa accesibilidade.

Para isto estimamos necesaria unha redistribución do actual esforzo do investimento público que potencie as actuais liñas de ferrocarril convencional, a apertura das que foron pechadas e a construción doutras de novo trazado como a historicamente reclamada entre Santiago e Lugo, a conexión a través da Terra Cha ca mariña lucensee co ferrocarril estreito do Cantábrico, ou un proxecto máis atinado entre Vigo e Ourense. Fronte a actual política de investimento exclusivo na alta velocidade, esiximos que se conforme unha malla de infraestruturas ferroviarias que sexa equitativa nos ámbitos xeográfico e económico e que fomente o equilibrio entre o rural e o urbano.

Reivindicamos tamén o desenvolvemento de redes urbanas, que inclúan facilidades para o transporte con bicicleta e a intermodalidade con outros medios de transporte sustentábel e redes metropolitanas que presten á cidadanía un servizo suficiente, accesíbel economicamente e de calidade para os desprazamentos diarios, facilitando a redistribución de rendas, diminuíndo a conxestión do tráfico e a dependencia enerxética exterior, e aumentando o tempo de ocio de amplas capas de poboación. Non aceptamos a política ferroviaria actual encamiñada principalmente ás elites empresariais, e aos desprazamentos esporádicos daqueles que economicamente poidan acceder.

Porque o que reivindicamos favorece inequivocamente o interese xeral e este debe constituír a máxima prioridade para os poderes públicos, entendemos que estes deben acometer a súa implantación e o seu desenvolvemento responsabilizándose directamente da prestación destes servizos sen intermediarios nin delegación total nin parcial.

E por que entendemos que o servizo público de transporte por ferrocarril debe prestarse coas maiores garantías posíbeis de calidade, eficacia e seguridade, e que a súa rendibilidade debe calcularse

exclusivamente desde os beneficios sociais que achegue e nunca desde os beneficios económicos das empresas que prestan dito servicio, defendemos que as empresas ferroviarias sexan públicas e -invertendo a actual tendenza-, dende as distintas administracións, se lles dote dos recursos humanos e técnicos precisos para desenvolverse e prestar mais eficazmente, en condicións de seguranza, o seu servizo á sociedade.

III. POR UNS MEDIOS DE TRANSPORTE MENOS AGRESIVOS CO ENTORNO NATURAL. CONTRA A DEGRADACIÓN DO AMBIENTE NATURAL E EN FAVOR DA VIDA E A SAÚDE.

Nesta plataforma, comprometidas e comprometidos na loita contra a destrución do medio no que vivimos, contra a degradación da natureza e en favor da vida, consideramos:

Que o actual modelo de transporte, dominado polo coche e polo camión, é causa de múltiples danos ambientais, tanto a nivel local como global. O transporte é o sector no que máis están a medrar as emisións galegas de gases causantes do cambio climático global: nada menos que case un 100% entre 1990 e 2004. O forte crecemento do transporte por estrada é unha das causas principais do incumprimento do Protocolo de Quioto en Galiza e no estado español. Tamén o tráfico é o principal responsable dos elevados niveis de ruído e da preocupante deterioración da calidade do aire nas nosas cidades e as súas áreas de influenza, con comprobadas consecuencias prexudiciais para a saúde humana (doenzas respiratorias e cadiovasculares, cancro, estrés,,...) . Ademais, cómpre ter en conta a destrución do territorio provocada polas infraestruturas de transporte necesarias para o automóbil privado.

Que o transporte é hoxe un grande consumidor de enerxía, ao se basear en modos enerxeticamente ineficientes (por exemplo, o 80 % dos desprazamentos motorizados en Galicia de menos de 100 km en días laborables teñen lugar en coche). O transporte demanda o 47% dos produtos petrolíferos consumidos en Galicia. O protagonismo excesivo e crecente do transporte por estrada agrava a nosa elevada dependencia enerxética e mais a nosa contribución á problemática socioambiental e aos conflitos asociados á extracción do petróleo no mundo.

Que a eficiencia enerxética do ferrocarril é moi superior á dos outros medios máis utilizados actualmente como o transporte por estrada e o aéreo que consumen, respectivamente, catro e trinta veces máis enerxía que o tren, por unidade transportada.

Que o camiño de ferro é un medio moi seguro e cómprenos o seu desenvolvemento para combater a siniestralidade do automóbil, e non encontrarnos con máis ramos de flores nas estradas; unha soa vida humana ben merece un esforzo do goberno, non podemos afacernos aos mortos no tráfico -no ano 2007 morreron 3.000 persoas nas estradas españolas, 500 máis que no atentado do 11-S en New York.

Que segundo estudos realizados en Europa para a UIC (Unión Internacional dos Camiños de ferro) o tren xera cinco veces menos custes externos (contaminación atmosférica, degradación dos espazos naturais, sinistralidade, contaminación acústica, etc) que o transporte de mercadorías por estrada, tres veces menos que o de viaxeiros por estrada e dúas veces menos que a aviación civil.

IV. CONCLUSIÓNS

A PLATAFORMA POLO TREN DE PROXIMIDADE "SALVA O TREN" defenderá e impulsará a redistribución do actual reparto do transporte, de forma que se potencien os modos menos agresivos para o medio social e natural mediante, entre outras, as seguintes accións:

Reivindicará o transporte colectivo, mediante a posta en funcionamento dun SERVIZO DE PROXIMIDADE para Galiza, para a mellora dos accesos en transporte colectivo aos centros de actividade sanitaria, educativa, industrial, ocio, etc., tanto para o rural como para o urbano.

Mentres este no exista, esixirá o mantemento do actual SERVIZO REXIONAL mellorando en calidade, frecuencias e paradas, así como a recuperación dos tramos de vía que foron eliminados polas obras do mal chamado Tren de Alta Velocidade.

Reivindicará o reparto inversor en infraestruturas e material ferroviario de forma que se mellore e potencie a rede convencional, rematando coa actual polarización en torno ao Tren de Alta Velocidade. Impulsará a electrificación total da rede ferroviaria.

Deste xeito, a plataforma continuará loitando até acadar o obxectivo que persigue, que non é outro que o BEN COMÚN de defender e fomentar o SERVIZO PÚBLICO do TREN REXIONAL, até a creación dun futuro TREN DE PROXIMIDADE, defendendo con él a seguridade, a vida das persoas, o desenvolvemento sustentábel, a preservación do medio natural e o futuro das vilas e aldeas de Galiza.

COLECTIVOS CONSTITUÍNTES

Apelidos	Nome	DNI	Teléfono	Enderezo electrónico	Posto	Colectivo	Asinado
Gómez Camarero	Fernando		649183521	fernando.gomez@mpsa.com	Presidente	Coordinadora Tren Regional	
Abeleira Duran	Lucas Manuel Miguel		636217248 675952798 609140809 981594488 Ext. 12867	galiza@sindicatodeestudiantes.org	Responsable	Sindicato de Estudiantes	
	Cristina		988374318	cambioclimatico@amigosdaterra.net	Responsable	Amigos da Terra	
Fortes Besada	Manuel		676088486	fortesbesada@hotmail.com	Responsable Pontevedra	ADEGA	
Costoya Liste Moure	José Carlos Jesús		661402977 637793703	sf.pontevedra@sindicatoferroviario.com sf.coruna@sindicatoferroviario.com	Pontevedra A Coruña	Sindicato Ferroviario da Confereración Intersindical	
Camacho Navajas	Rafael		685162320	Rafa6670@otamil.com	Responsable	SFF-CGT de Pontevedra	
Picard Mahaut	Jeanne		667309450	stopgalicia@stopaccidentes.org	Vicepresidenta Fundadora	STOP Accidentes	
Duro Moroño Arenas	Xan Santiago		622033665 645567609	xanduro@usc.es smoronho@mundo-r.com	Coordinador	VERDEGAIA	

En Santiago de Compostela, a 28 de Marzo de 2008

O Sr. Julio Fernández González, con DNI 35.983.372-X, como Voceiro do colectivo "Matar por matar NON" declara a adhesión desta organización á PLATAFORMA POLO TREN DE PROXIMIDADE "SALVA O TREN", constituida en Santiago de Compostela o 28 de marzo de 2008, e declara asimesmo o apoio e concordancia co manifesto constituinte da mesma.

En Ourense, a 22 de abril de 2008.-

Asdo./Julio Fernández González.-

Teléfono Móvil 676 750 768
Fax: 988 249 502
Mail: matarpormatarnon@yahoo.es

O Sr./Sra. Sonia Couso Fernández con DNI 76.719.015P como Coordenadora Xeral do colectivo Asociación Verdegaia declara a adhesión desta organización á **PLATAFORMA POLO TREN DE PROXIMIDADE "SALVA O TREN"**, constituída en Santiago de Compostela o 28 de marzo de 2008, e declara asimesmo o apoio e concordancia co manifesto constituinte da mesma.

Asdo. en Ourense o día 10 de Abril de 2008

Teléfono Móvil: 606226291 Fax: Mail: info@verdegaia.org, coordenacion@verdegaia.org

---

O Sr./Sra. MIGUEL DOVAL GARZA con DNI 34600398 como PREFIDENTE do colectivo ANACOS da CIDADE declara a adhesión desta organización á **PLATAFORMA POLO TREN DE PROXIMIDADE "SALVA O TREN"**, constituída en Santiago de Compostela o 28 de marzo de 2008, e declara asimesmo o apoio e concordancia co manifesto constituinte da mesma.

Asdo. en OURENSE o día 12 de MAIO de 2008

Teléfono Móvil: 639 [illegible] Fax: - Mail: anacosdacidade@anacosdacidade.org

---

O Sr./Sra. Judith Sung Jackson con DNI 45143113-R como Presidenta do colectivo Amigos da Terra declara a adhesión desta organización á **PLATAFORMA POLO TREN DE PROXIMIDADE "SALVA O TREN"**, constituída en Santiago de Compostela o 28 de marzo de 2008, e declara asimesmo o apoio e concordancia co manifesto constituinte da mesma.

Asdo. en OURENSE o día 15 de Maio de 2008